

Os centros galegos e o futuro da Galiza paradiplomática

Craig Patterson

Todas as persoas que vivimos comprometidas co benestar e futuro da cultura e lingua galegas sabemos deses centros de estudos galegos espallados polo mundo: unha leda diáspora. Moitos coñecemos algún lector ou lectora que gustou da posibilidade de desprazarse a un país estranxeiro e de formarse a base das moitas e diversas experiencias que o posto esixe. Outros temos contacto cun director ou directora de centro que organiza algunhas xornadas de cultura ás que asistimos como relatores ou asistentes. Con todo, decatámonos cada vez máis da grande presenza deses centros a nivel mundial nun mundo globalizado e globalizante, e do papel que xogan na normalización lingüística e cultural alén do territorio puramente galaico. Dado o seu carácter pedagóxico, creo que ata agora se perciben en maior grao como medios puramente educativos, sen albiscaren toda a súa posíbel dimensión nacional e representativa.

Neste breve artigo pretendo reivindicar pois as tarefas diplomáticas que os centros desempeñan e as que poderían desempeñar, amais de proporcionarlle ao público lector unha visión xeral e persoal das capacidades e posibilidades desas *quasi* embaixadas galegas alén mar. Penso que o mellor xeito de comunicar esta visión é presentar unha crónica das actividades realizadas e areladas no primeiro ano de existencia dun novo centro de estudos galegos, neste caso o de Stirling, do que son director. Será unha crónica de imaxinar proxectos, de facer posíbeis algúns deles e de ter que desprazar outros. Referireime especificamente ás actividades que teñen lugar fóra das aulas, malia que as clases de lingua e cultura galega son a función chave de calquera centro. Este enfoque permite unha reflexión máis ampla sobre as posibilidades paradiplomáticas dos centros galegos subvencionados pola Xunta de Galicia, amais de pormenorizar os atrancos –tanto xenéricos como culturais e institucionais– que cada centro ten que superar para lograr as súas metas. Xa que logo, a tese principal dese artigo pretende soste –de xeito animador, construtivo e optimista– que aínda non comezamos a explotar da maneira minimamente coordinada e pragmática a colaboración deses centros por medio de institucións chantadas na Galiza interior e exterior. Refírome á necesidade de redes activas e representativas dunha nación galega global e camiñante para así trocar esa galegitude de diáspora negativa e histórica nunha vitalizada galegitude multinacional, ou nas palabras de Camilo Valdehorras, “plasmación, arestora, dunha realidade étnica e sociocultural complexa e espaxada por máis de 120 países de todo o orbe”⁽¹⁾. Non cabe dúbida entón de que os centros xogarán un papel decisivo nesa diplomacia alternativa.

(1) VALDEHORRAS, Camilo F.: *Pangaleguismo. Co pobo galego ao redor do mundo, ao redor de si*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp5-9 (6).

A idea de crear un órgano institucional que servise de medio de difusión da cultura galega no estranxeiro, situado concretamente en Oxford baixo o mando de John Rutherford, naceu cando a Xunta e o director xeral de Política Lingüística daquel entón, Manuel Regueiro, exploraba a idea de promover de maneira máis activa a lingua e cultura galega fóra de Galiza por medio das universidades estranxeiras. O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Oxford representa o primeiro paso tomado en 1991 cara a unha “normalización” do ensino e difusión da cultura e lingua galega fóra dos lindeiros puramente nacionais. A diferenza entre a situación daquela e a realidade do presente non deixa de ser alentadora. A Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén convenios con 46 universidades de todo o mundo en Alemaña, Arxentina, Australia, Brasil, Chile, Cuba, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Uruguai. Están en trámite novos convenios para Kiel (Alemaña), Zadar (Croacia) e San Paulo (Brasil). Nunhas 31 universidades traballan profesores e profesoras, lectores e lectoras de lingua e cultura galegas. Xa que estes imparten materias de lingua e cultura galega axeitadas ás realidades e aos sistemas pedagóxicos e administrativos de cada universidade e de cada alumnado, o carácter deses centros defínese e percíbese máis ca nada como filolóxico: nalgúns casos pouco máis. Porén, non cabe a menor dúbida de que os centros contribúen de maneira decisiva á difusión exterior do galego e aos eidos intelectuais de investigación, e por extensión ao prestixio nacional, como adoita ser o caso de calquera embaixada ‘normal’. Tamén cómpre destacar o seu potencial para aumentar o prestixio da lingua e cultura galega tanto entre os seus falantes e non falantes en Galiza, como nas redes decisivas do país onde se localizan. Concordo con Marisol López Martínez en que os centros serven “para sensibilizar a propia sociedade galega sobre a importancia de manter vivo e de difundir, nun escenario de pluralidade lingüística e cultural, o seu principal sinal de identidade”, e mais a súa opinión de que a presenza da lingua galega no mundo académico e universitario fóra das fronteiras galegas “é sinal de apertura, de integración e de valorización” do pobo galego⁽²⁾.

Neste contexto aparece o Centro de Estudos Galegos de Escocia en setembro de 2006. Dende o outubro de 2005, cando mantiven unha reunión coa secretaria xeral de Política Lingüística verbo da creación dun centro no norte das Illas Británicas, ata o semestre outonal en que se inaugurou, xestionáronse os alicerces técnicos, legais e institucionais do convenio que serve como carta magna do acordo entre a Universidade de Stirling e a Xunta de Galicia. Como estudante, profesor axudante e profesor titular xa eu tivera experiencia laboral ou contacto cos outros tres centros situados no Reino Unido e Irlanda, e era ben consciente das vantaxes e desvantaxes das que dispuña cada un deles conforme o seu lugar xeográfico e contexto institucional. O desafío de promocionar os estudos galegos en Escocia non ía ser nada fácil. E non o ía ser, por diversas razóns.

(2) LÓPEZ MARTÍNEZ, Marisol: *A proxección exterior do galego nas universidades*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp205-206 (205).

Primeiro, non existía un “galeguismo filolóxico” militante nos despachos e salas das facultades escocesas. En St. Andrews estaba e segue ata hoxe Gustavo San Román, descendente de vigueses emigrados a Uruguai, experto na obra de José Alonso y Trelles (“El Viejo Pancho”) e por consecuencia gran amigo de Ribadeo, e asistente asiduo ás conferencias de estudos galegos celebradas nas Illas Británicas. Porén, o novo centro de estudos galegos de Stirling tiña diante súa unha táboa rasa, coas súas conseguíntes vantaxes e desvantaxes, das que falarei a seguir. Segundo, non hai ningún centro social de galegos en Escocia na mesma vea có de Londres, celebrado –ou máis ben documentado– por Carlos Durán en *Galegos de Londres*. Quero dicir: se queríamos practicar un galeguismo cultural e activo que militase máis alá das aulas estritamente académicas, habería que chegar primeiro aos galegos e galegas que residían en Escocia a longo ou curto prazo, sobre todos aquelas persoas que se atopan nas grandes urbes de Edimburgo e Glasgow. Refírome a eses “vagalumes de galeguidade, [...] uns conscientes, outros inconscientes, pero todos con profundas raíces, as ‘raíces elásticas’ das que falaba Castelao”⁽³⁾. Tamén cumpría contactar cos demais sectores da poboación que tiñan interese na cultura galega, amais de axeitarse ás realidades educativas, intelectuais e institucionais de Stirling e de Escocia enteira. Dunha banda, o alumnado de Stirling, coma o de Birmingham, Bangor e Cork, non era o de Oxford en termos puramente intelectuais. Doutra banda, podíamos contar coa vantaxe de que os estudos galegos tiñan peso na matrícula en Stirling, e representaban cursos recoñecidos polo sistema académico da universidade, a diferenza de Oxford, por exemplo. Con todo, moitos dos proxectos que eu tiña en mente non podían saír adiante sen a presenza dun lector serio e comprometido coa tarefa de representar o seu país, lingua e cultura no estranxeiro. Dun mellor vicecónsul non podía dispor o centro-embaixada có Xabier Cid, no senso de fornecer un dinamismo e vitalidade en todas as actividades, de facerme a min idear proxectos alén do eido puramente filolóxico, e de achegarse ao compromiso de ser lector dunha maneira ledamente iconoclasta.

Asemade, creo que cómpre loar o labor dunha lectora como Olga Nogueira, cunha capacidade, enerxía e imaxinación destacada, e que describiu con mestría o traballo de lector. A actual técnica de Proxección Exterior na Área de música do IGAEM, e lectora en París entre 2001 e 2006, achega unha honestidade e humor moi reveladores cando desmitifica e pinta de modo realista as dificultades que leva parellas o seu traballo, así como o auténtico heroísmo amosado por lectores e lectoras ao ter que se enfrontar a elas. Como sostén Nogueira, as funcións dun/ha lector/a son: “(1) dar aulas de lingua, literatura, e cultura galegas; (2) organizar actividades culturais relacionadas con Galiza na universidade de acollida e (3) manter viva a cultura galega na área de influencia do lectorado/CEG”. Nogueira engade que “aínda que parece labor doado para calquera licenciada de filoloxía galega, por exemplo, a cousa

(3) MIRANDA, Ana: *As vagalumes da galeguidade*, versión recopilada no seu blog persoal, http://galiza-global.blogspot.com/2006_09_01_archive.html.

non é tan simple”⁽⁴⁾. En concreto, Nogueira destaca as calidades e méritos de “ter un bo currículo, ser polifacética e ter unha capacidade de traballo e de versatilidade infinitas”⁽⁵⁾. Para deixárnolo aínda máis claro, o seu retrato da vida laboral do lectorado é o máis fiel que se pode atopar fóra do foro electrónico (e privado) dos lectores e lectoras mesmas.

Téñase en conta que vai ter que facer de todo: desde dar aulas nunha universidade (todos os niveis, varias linguas), até lidar coa administración galega e a da universidade de acollida (todos os niveis, varias linguas), redactar informes (varios idiomas), organizar actividades culturais (varios idiomas tamén), animar festas e saraos, facer os carteis, pegalos, localizar aos galegos e “amantes de Galiza” no país en cuestión e atraelos ás actividades, atraer aos non galegos tamén (se fai falta meter o plumeiro no cu e pasear polo corredor adiante até encher o auditorio, que diría un amigo meu), buscar material para traballar debaixo das pedras, fabricalo no caso de estas últimas resultaren estériles, cocer polbo, amasar empanadas, bailar muiñeiras, abrir botellas de albariño, beber ben, comer ben, manter o tipo e caerlle ben aos alumnos e aos outros profesores do departamento (por veces nacionalistas españois/portugueses/franceses/ingleses... afeitos a “linguas máis grandes”) [...] mirando *Sempre Xonxa* e pegando carteis para a próxima actividade⁽⁶⁾.

Estes foron os parámetros laborais que, *grosso modo*, agardaban a Xabier Cid cando aterrou en terras escocesas no outono de 2006. Coincidimos os dous na necesidade de lanzar actividades non estritamente intelectuais ou académicas, e de levar a cultura galega nunha forma gustosa a un público (consumidor) máis amplo. A primeira actividade que realizamos foi un sinxelo magosto para o alumnado e profesorado. Aproveitamos a ocasión para difundir información e novas sobre o novo centro e as súas actividades previstas, ademais de presentarlle a música galega a todas as persoas que asistiron ao acto.

Ao longo das nosas reunións semanais durante a outonía, soubemos que lle tocaba a algún grupo galego actuar no festival anual *Celtic Connections*, que se celebraba en Glasgow cada xaneiro. De feito eran dous os grupos que viñan visitar Escocia: Berrogüetto ía tocar en Glasgow o domingo 21 de xaneiro, e Espido actuaba no mesmo escenario o martes 23. Ademais, o grupo levaba consigo un equipo técnico que preparaba un documental sobre a xira, acompañado polo narrador do proxecto, o actor Carlos Blanco. Logramos convencer a Guadi Galego e a Guille Fernández para que viñesen a Stirling e tocasen nun concerto, no que debía de ser un día de descanso para eles entre os concertos previstos do grupo maior e menor. Optamos por celebrar o concerto no MacRoberts Arts Centre, centro cultural situado no cerne da universidade e aberto ao público enteiro. Así pensamos colaborar cun órgano local de cultura e ao mesmo tempo abrir as portas dese acontecemento cultural galego á xente non estritamente vinculada á contorna académica.

(4) NOGUEIRA, Olga: *Profesión: leitora*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp96-98 (96).

(5) NOGUEIRA, Olga: *Profesión: leitora*, p97.

(6) NOGUEIRA, Olga: *Profesión: leitora*, pp97-98.

A gran vantaxe de estar preto de Glasgow e ao mesmo tempo do espectáculo *Celtic Connections* foi a posibilidade de convencer un grupo galego para programar un concerto extra na cidade próxima de Stirling. En termos estritamente económicos, se o grupo acepta a proposta e un pagamento mínimo, evítanse os gastos de viaxe dende Galiza ao Reino Unido: os billetes de avión para un grupo de músicos e técnicos xa suporía a maior parte do orzamento anual dun centro. A única pero significativa desvantaxe son as datas nas que se celebra o *Celtic Connections*, que coincide antes do comezo do semestre en Stirling e polo tanto antes da chegada do alumnado: o público principal de calquera actividade planificada. O máximo desafío (e dificultade) para un centro de estudos galegos é o de compaxinar o público académico e estudantil cos demais tipos de público. Con todo, celebrouse un concerto íntimo e emocionante diante dun público de pouco máis de 30 persoas. Contribuímos no que puidemos á gravación do documental e establecemos o que pretendemos converter en tradición: convidar a tocar dentro das nosas posibilidades económicas aqueles grupos que pasan por Escocia para tocar no *Celtic Connections*. No futuro non descartamos a posibilidade de celebrar eses concertos nun auditorio musical situado no centro da cidade, se iso nos permite aumentar o público e ao mesmo tempo a difusión do son galego.

Non sae adiante todo sempre á maneira que un quixera, ou polo menos no tempo previsto, aínda que por outra parte os contratemplos non representan sempre unha derrota definitiva. Dada a presenza do MacRoberts Arts Centre no corazón do fermoso campus universitario de Stirling, amais da existencia da Glasgow Filmhouse e Edinburgh Filmhouse nas grandes cidades veciñas, un proxecto cuxa importancia se ía impondo no noso programa de actividades era o dun ciclo de cinema galego. O perfil ideal de tal acontecemento caracterizaríase por un faladoiro estilo entrevista pública cunha figura do mundo do cinema galego que dese apertura á emisión do mellor do cinema galego tanto en Stirling como nesas filмотecas independentes de Glasgow e Edimburgo. O acto público repetiríase para unha maior difusión mediática e cultural nos tres cines máis prestixiosos de Escocia ao longo de tres días distintos. O ideal sería poder contar cun director da altura de Antón Reixa ou mesmo cun actor na liña de Luís Tosar, capaz de falar en inglés sobre a realidade curiosa e complexa do cinema galego. Así mesmo, durante 2006-2007, o centro de estudos galegos fixo de intermediario diplomático entre o Consorcio Audiovisual Galego e o seu equivalente escocés, o Scottish Screen, para así fomentar colaboracións e diálogo entre os dous. Non obstante, e por causas e efectos fóra das nosas mans, adiamos o ciclo de cinema ata o outono de 2007, pero os alicerces “diplomáticos” están en gran parte xa estabelecidos, e só nos queda facer realidade do proxecto xa imaxinado. No sector importantísimo da representación cultural audiovisual, en que a colaboración económica representa ás veces a pexa máis difícil de superar particularmente nas culturas minoritarias, o centro escocés xogou un papel diplomático importante ao fomentar o diálogo entre Escocia e Galiza.

Sostiña o escritor norteamericano Delmore Schwartz (levando ceibamente unha frase poética de Yeats) que nos sonhos nacen os compromisos. É dicir, para realizar os ditos sonhos hai que deixar de soñar e comezar a traballar as bases. A maior parte das nosas enerxías nese primeiro ano do convenio dedicáronse á arela de realizar unhas xornadas de cultura que servisen de apertura oficial ao centro escocés: un ciclo de conferencias baixo o lema “A Galaxia Explicada”, retomando o título do quinto capítulo daquela exposición expansiva de don Ramón verbo da galeguidade, *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Xa que quixemos garantir a maior difusión mediática posíbel, non nos puxemos límites á hora de pensar nas figuras que pretendíamos convidar, no contexto da conferencia inaugural dun centro de estudos subvencionado por unha nación periférica sen estado, situado ademais nunha universidade doutra nación semellante. Dende o principio do proceso de xestión, puidemos descartar a asistencia do presidente Touriño, xa que o seu equipo de asesores/as informáronnos da moita antelación de aviso que se necesita para tal fin. Aínda que fomos convidando a representantes de todos os partidos políticos de Escocia, a maior dificultade coa que nos enfrontamos foi a de ter que pór data á conferencia nun período que cadrase despois dos exames universitarios e antes da chegada das vacacións, para así posibilitar a asistencia de alumnas/os e compañeiras/os de traballo. Outra complicación foi o feito de estaren programadas as eleccións parlamentarias escocesas para os principios de maio, pouco antes do comezo das xornadas. Tratábase dunhas eleccións que prometían ser decisivas para o mapa político escocés (se non británico), dados os indicios que agoiraban unha vitoria do partido nacionalista escocés. No entanto e con referencia a Galiza, todo apuntaba á presenza asegurada de Anxo Quintana na súa capacidade de vicepresidente, e á de Marisol López como secretaria xeral de Política Lingüística.

Todo dera un xiro máis intenso, emocionante e complicado cando triunfou Alex Salmond e o Partido Nacionalista Escocés (SNP) cunha escasa maioría dun escano. O xa antigo “first minister” Jack McConnell, que declarara a súa intención de asistir á apertura do Centro antes das eleccións, cancelou a súa presenza tras a derrota a mans dos nacionalistas. Os días entre as eleccións e o comezo do congreso caracterizáronse por recorrentes chamadas telefónicas aos despachos de ministros e ministras do Parlamento escocés, sobre todo ao de Alex Salmond. Dende logo, poder conseguir a presenza do novo líder do Parlamento suporía un golpe mediático amais da posibilidade de reuni-lo con representantes do mundo político e cultural galego. Iso si era diplomacia. Sen decatármonos sequera, intentáramos pór en práctica unha profunda revitalización cultural dos centros e organismos galegos no exterior, usando as canles ao noso dispor para entrar directamente na cultura oficial (e neste caso política) do país.

Naqueles últimos momentos previos ao congreso puxéronse dúas persoas máis á tarefa de salvagardar a presenza de cargos importantes da banda escocesa e galega: a responsábel do BNG para inmigración no Parlamento europeo de Bruxelas, Ana Miranda, e Federico Palomera Güez, cónsul español en Edimburgo. No

entanto, a cancelación súbita de Salmond por mor dunha chea de compromisos inevitábeis, xunto coa a incapacidade do SNP para mandar un representante do partido no lugar, puxo en perigo a asistencia do vicepresidente galego. A suspensión da tregua por parte da ETA levou á cancelación lóxica e comprensíbel de Quintana (e dos seus catro axudantes e un equipo de televisión). Miranda afirma que nos anos do fraguismo non houbo unha política seria de relacións internacionais con institucións e gobernos de países estranxeiros nin a necesaria relación entre diáspora e política exterior máis que a través de accións illadas case sempre teóricas, e non mediante un programa serio e práctico a nivel institucional de relación directa con estados soberanos e con pobos e nacións⁽⁷⁾. As reducidas iniciativas que acabo de relatar –o meu diálogo con Holyrood, o Parlamento escocés; o labor do lector de Stirling ao falar coas institucións galegas e sobre todo coa oficina do vicepresidente; a militancia, apoio e axuda de Ana Miranda; xunto co esforzo por parte do cónsul español en Edimburgo–, que se tomaron para establecer o diálogo entre unhas das forzas políticas máis importantes de Escocia e Galiza, tanto deixan ver o baleiro deixado polo fraguismo como tentan enchelo todo a un tempo, sen ningunha coordinación xeral de índole institucional-nacional. Son un paso adiante, e polo tanto moi positivo, nun contexto moi particular. Por este motivo tamén chama a atención a necesidade dunha coordinación máis coherente e decisiva dende Galiza mesma e en colaboración total e embriónica co exterior.

Malia eses contratempos de última hora, sempre posíbeis cando se trata duns convites de alto perfil e dos resultados dunhas eleccións, as xornadas tiveron éxito. Para suplir as ausencias, a última hora convencemos a Ana Miranda, para que nos comunicase a súa visión –moi axeitada dado o contexto– da Galiza global e da necesidade de fomentar contacto e traballo entre as redes da diáspora galega. Miranda interveu con perspicacia sobre a necesidade urxente de reformular a autoconciencia galega tocante o papel que xoga Galiza no mundo do século XXI, no marco que vincula o dereito e a política internacional coas redes culturais europeas e americanas. Contamos coa xa mencionada presenza da secretaria xeral de Política Lingüística, tanto como a do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares. Co remate do congreso e coa galaxia xa algo máis explicada, quedei moi contento como director coa calidade e coherencia das comunicacións en conxunto, xa en proceso de ser publicadas nunha edición extraordinaria da nova revista *Galicía 21*⁽⁸⁾.

Cómpre pór de manifesto que aínda que os congresos de escala pequena coma este non saian nada baratos, representan un bo investimento dende un punto de vista puramente económico e material, polo que xeran en ‘produto’ cultural. Son á fin de todo cartos públicos, cartos cos que contribúe cada cidadán e cidadá galega que paga impostos. E os directores e lectores comprometidos son máis ca conscien-

(7) MIRANDA, Ana: *As vagalumes da galeguidade*, versión recompilada no seu blog persoal, http://galiza-global.blogspot.com/2006_09_01_archive.html.

(8) Revista fundada en 2007 e froito de colaboración dos centros de estudos galegos de Bangor e Stirling. Véxase http://www.bangor.ac.uk/ml/galician/Galicía_21.php.

tes da responsabilidade de manexar tal subvención. Cando un acepta que non vai asistir tanto público ás conferencias e actos como en Galiza (especialmente cando se trata dun caso pioneiro como o de Escocia), cando un se decata dos custos de viaxe, de aloxamento, de mantenza e de publicidade, ademais das moitas horas investidas a nivel laboral e emocional, e en consecuencia dubida de por que organizar un congreso dese estilo á parte da clara e positiva difusión que lle proporciona ao perfil internacional da cultura e lingua galega, é entón cando cómpre lembrar a cantidade de proxectos que nacen deses coloquios. Recensións, peticións de artigos (coma este), bases para novos congresos, convites a outras xornadas de cultura e a mesas e comités, barullar ideas para revistas, proxectos de investigación, monografía, etc. Ademais, claro, de lembrar a nosa colaboración en común, de perfilar as contornas da nosa misión colectiva, e tamén de axudar no noso ánimo compartido. Eses son algúns dos formatos e escenarios nos que calquera cultura se moldea, se imaxina e plasma de maneira constantemente mudábel, lúdica e pluralista. A democracia da posibilidade latente e aberta, a liberdade dese *pangaleguismo* “inspirado nun senso de identidade como algo non definitivamente dado, nin pechado, nin fosilizado, senón construto dialéctico, aberto, mudable e negociable pola cidadanía”⁽⁹⁾. A necesidade de soñar as responsabilidades para acadar unha Galiza autenticamente internacionalizada no século XXI.

A día de hoxe, os directores e lectores dos centros de estudos galegos seguen sendo eses embaixadores de boa vontade, persoas que están dispostas a achegar un forte galeguismo en lugar de ser só figuras decorativas e nominais. Quero dicir: galeguistas comprometidas e comprometidos coa reivindicación cultural, lingüística, política e social de Galiza, e non filólogos ou filólogas de hispánicas interesados como moito en montar unhas xornadas sobre Emilia Pardo Bazán, ou como pouco interesados en convidar as amizades a unha mariscada cos cartos da cidadanía galega. Pero sería realmente difícil lograr que todos os centros de estudos galegos existentes no mundo contasen cun director comprometido de forma absoluta coa defensa e promoción da cultura e lingua galega. Entón, cales son as opcións dispoñíbeis para manter e alimentar esa paradiplomacia?

A primeira (e máis doada) opción podería ser reducir o número de centros, de maneira que os que quedasen fosen dirixidos por directores fondamente comprometidos. Así quedarían libres fondos para aumentar os soldos tan reducidos dos lectores (pois non cabe dúbida de que merecen moito máis do que gañan), outorgarlle máis prestixio ao posto e fomentar que o lector ou lectora poña todas súas enerxías á tarefa. Non obstante, deste xeito perderíase unha rede máis ampla de centros e unha cifra máis alta de estudantes que gustan dun contacto coa cultura e lingua galega, e perderíanse igualmente doutoramentos e directores posíbeis de centros existentes e futuros. Por esa razón eu descartaría esa primeira opción.

(9) VALDEHORRAS, Camilo F.: p6.

Segundo, crear unha rede de embaixadas en todos os sentidos agás no nome, se cadra no marco desa institución tan debatida e de momento non realizada, a ‘Rosalía de Castro’ (nome preferido polo PP) ou a ‘Castelao’ (nome preferido polo BNG), a maneira dos Cervantes do Goberno español. Estes ‘supercentros’ poderían limitarse a un pór país onde xa existan centros de estudos galegos, e poderían cumprir cun papel coordinador verbo dos centros existentes e satélites e co mundo alén das universidades. As figuras ideais para liderar tales centros virían do mundo cultural e literario: por exemplo, un poeta como Ramiro Fonte, actual director do Instituto Cervantes en Lisboa.

Terceiro, crear unha institución que coordine a escala global e dende Galiza as funcións políticas, culturais, sociais e institucionais desa Galiza global. Se o protagonismo desa nova coordinación –maior e mellor xestionada entre os centros e as tentativas políticas, culturais e diplomáticas– quedase cos directores e mais cos seus lectorados, sería necesario proporcionarlles máis apoio institucional e económico, sobre todo no referente a soldos axeitados polo traballo de quen pretende ser máis ca un profesor de lingua. Se é certo que Galiza se desgaleguizou coa emigración, pero que o mundo se galeguizou cos e coas emigrantes galegas, a mellor forma de aproveitar ese risco negativo da historia social de Galiza xace na optimización dos recursos humanos e materiais xerados pola diáspora mundial das galegas e galegos na lingua, na cultura e na economía⁽¹⁰⁾. Se o vello galeguismo prebélico xiraba no concepto do sentimento identitario como sentimento emocional e patético da morriña, se cadra o pangaleguismo do século XXI pide “converter o sentimento en acción social creadora” no contexto vivo e urxente desa Galiza global⁽¹¹⁾. É dicir, infraestrutura e xestión dinámica.

Non pode a nación galega articular ou espallar un sistema de embaixadas oficiais a nivel diplomático? Estou a falar dun corpo diplomático radicado en San Caetano que funcione man con man con Política Lingüística, que coordine a presenza maior de Galiza nas feiras comerciais arredor do mundo, que xestione a venda de granito de O Porriño, do queixo de teta, da literatura e cinema galego, amais do viño, licor café e augardente galego a nivel mundial? En definitiva, que manexe a promoción e difusión total da galeguidade mar por medio ao nivel que lle corresponde á nación galega como poderosa diáspora e forte identidade europea no século XXI. Miranda observa que Galiza non ten aínda competencias en materia internacional, pero debería ter a vontade para acadalas coa revisión do Estatuto de Galiza, para así poder ter relacións directas a nivel internacional⁽¹²⁾. Afirmo ademais que “a Galiza Global parte das persoas e nela ten os seus fundamentos, e debe ser exercida conxuntamente a través de catro ferramentas, que van dende a diplomacia política, cultural, social á económica”⁽¹³⁾. Dende logo, os centros de estudos galegos e mais os

(10) VALDEHORRAS, Camilo F.: p6.

(11) VALDEHORRAS, Camilo F.: p8.

(12) MIRANDA, Ana: *As vagalumes da galeguidade*, versión recopilada no seu blog persoal.

(13) MIRANDA, Ana: *As vagalumes da galeguidade*, versión recopilada no seu blog persoal.

seus lectorados representan a ferramenta cultural desa proposta dinámica de acción, posto que a cultura é unha boa ferramenta para facer política exterior: probabelmente a porta de entrada aos cambios, que pode promocionarse e difundirse en igualdade con calquera outra cultura do mundo⁽¹⁴⁾. Creo que, coa loita para defender a potenciar o uso da lingua galega, este desafío representa a misión máis importante que ten que cumprir a identidade galega na nosa época. Se o obxectivo chega a realizarse, entón si que lle proporcionaría outro sentido, aínda máis dinámico e alentador, á definición oteriana dos galegos como pobo en camiño. Esas embaixadas, eses centros galegos, ou sexan o que for, poderían verse como albergues, refuxios de camiño desa Galiza global en longa peregrinaxe cara a un futuro redentor ateigado de dignidade lingüística, política e cultural.

Craig Patterson é director do Centro Escocés de Estudos Galegos que ten o seu berce na Universidade de Stirling. Previamente, licenciouse en Estudos Hispánicos na Universidade de Birmingham (Reino Unido) en 1996, e no 2002 doutorouse na Universidade de Oxford coa tese titulada A identidade cultural galega nas obras de don Ramón Otero Pedrayo (1888 – 1976) (Mellen, 2006).

Bibliografía

- LÓPEZ MARTÍNEZ, Marisol: *A proxección exterior do galego nas universidades*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp205-206 (205).
- MIRANDA, Ana: *As vagalumes da galeguidade*, versión recopilada no seu blog persoal, http://galiza-global.blogspot.com/2006_09_01_archive.html.
- MIRANDA, Ana: *Vagalumes da galeguidade*, versión publicada en Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), *A Galiza global: as galegas e os galegos no mundo* (I), pp11-13 (12).
- NOGUEIRA, Olga: *Profesión: leitora*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp96-98 (96).
- PATTERSON, Craig: *Lingua e cultura galega no exterior: o caso das Illas Británicas*, comunicación presentada nas XIV Xornadas Mar Por Medio, estar no mundo, desde nós: estratexias para a proxección exterior da cultura galega, pp26-28, xullo de 2006.
- VALDEHORRAS, Camilo F.: *Pangaleguismo. Co pobo galego ao redor do mundo, ao redor de si*, Renova Galiza, Caderno de pensamento cívico 2/extra (2006), pp5-9 (6).